



| Guía Docente          |   |                    |  |          |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |  | 2016/17  |
| Asignatura (*)        | Traballo fin de Mestrado  | Código             | 652603307  |          |
| Titulación            | 3 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Educación Física   |                    |  |          |
| Descritores           |   |                    |  |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo   | Créditos |
| Mestrado Oficial      | 2º cuatrimestre   | Primeiro           | Obrigatoria  | 6        |
| Idioma                | CastelánGalego  |                    |  |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |  |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |  |          |
| Departamento          | Didácticas EspecíficasEducación Física e DeportivaPedagogía e Didáctica   |                    |  |          |
| Coordinación          |   | Correo electrónico |  |          |
| Profesorado           | Alsina Santasusana, Maria del Carmen<br>Arufe Giraldez, Victor<br>Carrera Lopez, Celso Carlos<br>Fraguela Vale, Raul<br>Gonzalez Valeiro, Miguel Angel<br>López Villar, Cristina<br>Toja Reboredo, Maria Belen<br>Valverde Romera, Joaquina<br>Varela Garrote, Lara<br>Vazquez Lazo, Juan Carlos  | Correo electrónico | m.alsina@udc.es<br>v.arufe@udc.es<br>celso.carrera@udc.es<br>raul.fraguela@udc.es<br>miguel.gonzalez.valeiro@udc.es<br>cristina.lopezv@udc.es<br>belen.toja@udc.es<br>joaquina.valverde@udc.es<br>lara.varela@udc.es<br>juan.lazo@udc.es |          |
| Web                   |   |                    |  |          |
| Descrición xeral      | O TFM consistirá na realización dunha actividade académica que desenvolver o conxunto de competencias abordadas neste mestrado. Debe ser realizado individualmente por cada alumno/a baixo a dirección dun/ha profesor/a (director/a) e, como norma xeral, estará concibido para que o tempo total de dedicación do/a alumno/a sexa de 150 horas (6 ECTS). Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período do máster, e en concreto: a capacidade para a búsqueda, xestión, organización e interpretación de datos relevantes- da súa área de estudo- co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo. |                    |  |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C2                                  | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.  |
| C3                                  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5                                  | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.   |
| C6                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7                                  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8                                  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Resultados da aprendizaxe |                                     |
|---------------------------|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |
|                           |                                     |



|  |  |  |   |
|--|--|--|---|
| Preparación profesional avanzada, dirixida á especialización académica e profesional dos estudantes; é por iso que o TFM deberá estar orientado á avaliación das competencias profesionais, xerais e específicas asociadas á titulación. |  |  | CM1<br>CM2<br>CM3<br>CM4<br>CM5<br>CM6<br>CM7<br>CM8  |
| Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo.  | AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38                 |  | CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9        |
| Capacidade para comunicar o coñecemento adquirido a unha audiencia.  | AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38<br>AP38 |  | CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9<br>CM9 |

| Contidos |          |
|----------|----------|
| Temas    | Subtemas |



|  |  |
|--|--|
| Prepararse profesionalmente, académicamente e profesionalmente. Desenvolver as competencias ó longo dos diferentes módulos formativos, relacionados directamente coa práctica docente da especialidade correspondente. | Prepararse profesionalmente, académicamente e profesionalmente. Desenvolver as competencias ó longo dos diferentes módulos formativos, relacionados directamente coa práctica docente da especialidade correspondente. |
|--|--|

| Planificación          |  |   |                         |              |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados  | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados    | A18 A17 A16 A15<br>A14 A13 A12 A11<br>A10 A9 A8 A7 A6 A5<br>A4 A3 A2 A1 C8 C8<br>C7 C7 C6 C6 C5 C5<br>C4 C4 C3 C3 C2 C2<br>C1 C1 | 1                                       | 136                     | 137          |
| Presentación oral      | A5 A4 A3 A2 A1 A6<br>A7 A8 A9 A10 A11<br>A12 A13 A14 A15<br>A16 A17 A18 C8 C7<br>C7 C6 C6 C5 C5 C4<br>C4 C3 C3 C2 C2 C1<br>C1 C8 | 1                                       | 9                       | 10           |
| Atención personalizada |  | 3                                       | 0                       | 3            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías        |  |
|---------------------|--|
| Metodoloxías        | Descrición   |
| Traballos tutelados | a) Estudos empíricos relacionados con calquera das liñas temáticas propias do mestrado e enmarcados no ámbito das competencias deste. b) Revisión e investigación bibliográfica centrada nalgún dos diferentes campos da titulación de mestrado. c) Análise de protocolos de actuación, unidades didácticas, proxectos socioeducativos ou calquera outro documento institucional, vinculadas a algún dos diferentes campos do mestrado. d) Deseño de unidades didácticas, proxectos educativos e socioeducativos de diversa índole, relacionados co mestrado.  |
| Presentación oral   | SOLICITUDE DE DEFENSA: Unha vez finalizado o proceso de elaboración do TFM, e unha vez obtido o informe favorable do director/a do mesmo, o alumnado terá que presentar, no prazo e lugar establecido polo centro, 3 exemplares en papel do seu TFM e un en formato dixital, así coma o impreso de solicitude de avaliación.<br>DEFENSA: Unha vez que se faga pública a convocatoria do tribunal, o alumnado debe presentarse á hora indicada e agardar a ser chamado polo secretario/a do mesmo. Para a defensa deberá acudir cun documento identificativo (DNI ou Pasaporte), e o resto de documentos que se soliciten, se é o caso. Para a exposición, que será pública, disporá dun tempo de 15 minutos e o tribunal disporá de 15 minutos para realizar as preguntas que estimen oportunas e debater co alumno/a. O alumnado poderá utilizar canto material sexa preciso para a exposición. |

| Atención personalizada                   |   |
|--|---|
| Metodoloxías                             | Descrición  |
| Presentación oral<br>Traballos tutelados | O/a coordinador/a do Mestrado fará pública a relación de TFM recibidos e as datas para a súa defensa. |

| Avaliación |
|------------|
|------------|



| Metodoloxías        | Competencias / Resultados  | Descrición  | Cualificación |
|---------------------|--|---|---------------|
| Presentación oral   | A5 A4 A3 A2 A1 A6<br>A7 A8 A9 A10 A11<br>A12 A13 A14 A15<br>A16 A17 A18 C8 C7<br>C7 C6 C6 C5 C5 C4<br>C4 C3 C3 C2 C2 C1<br>C1 C8 | Presentación e defensa<br>? Existencia e calidade nos medios e/ou materiais de apoio.<br>? Coherencia e claridade de ideas na exposición.<br>? Boa competencia lingüística oral.<br>? Capacidade de síntese<br>? Habilidade para responder na discusión.<br>No caso do itinerario de Arte na avaliación consideraranse, ademais, aspectos que teñen a ver coa tipoloxía do TFM-proceso.   | 20            |
| Traballos tutelados | A18 A17 A16 A15<br>A14 A13 A12 A11<br>A10 A9 A8 A7 A6 A5<br>A4 A3 A2 A1 C8 C8<br>C7 C7 C6 C6 C5 C5<br>C4 C4 C3 C3 C2 C2<br>C1 C1 | Cuestións formais (5%)<br>? Claridade de ideas, de exposición e de organización da información.<br>Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas pola Universidade da Coruña<br>? Relación e coherencia entre as partes do TFM.<br>? Boa calidade lingüística do discurso.<br><br>Fundamentación teórica (20%)<br>? Suficiencia e profundidade do marco teórico, de xeito que se demostre ter coñecementos sobre o desenvolvemento e nivel alcanzado no tema tratado.<br>? Creatividade e orixinalidade na presentación da temática, na súa abordaxe ou no seu tratamento.<br>? Referencia ós contidos traballados no Mestrado.<br>? Documentación de apoio actualizada e referencias bibliográficas citadas conforme ás normas propias dos traballos científicos e profesionais.<br><br>Desenvolvemento do TFM (30%)<br>? Nivel de concreción do TFM (obxectivos, metodoloxía, secuenciación, actividades, sistema de avaliación...)<br>? Viabilidade da proposta atendendo a súa contextualización.<br>? Adecuación ó marco legislativo e curricular.<br>? Existencia e adecuación de criterios de avaliación da proposta.<br><br>Valoración persoal e conclusións FM (25%)<br>As conclusións do traballo presentado deberán ter unha extensión de entre cinco e oito páxinas. Na súa avaliación teranse en conta os seguintes criterios:<br>? Relación das conclusións cos obxectivos do TFM.<br>? Grao de integración dos coñecementos conseguidos nas distintas materias cursadas no Mestrado.<br>? Grao de desenvolvemento das competencias profesionais.<br><br>? Existencia e calidade nos medios e/ou materiais de apoio.<br>? Coherencia e claridade de ideas na exposición.<br>? Boa competencia lingüística oral.<br>? Capacidade de síntese<br>? Habilidade para responder na discusión.<br>No caso do itinerario de Arte na avaliación consideraranse, ademais, aspectos que teñen a ver coa tipoloxía do TFM-proceso. | 80            |



## Observacións avaliación

O alumnado disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación ou defensa pública do TFM: unha ordinaria e outra extraordinaria. Para a avaliación dos TFM constituiranse tribunais (nomeados polo/a coordinador/a do mestrado) por cada unha das especialidades. Cada un estará formado por tres membros titulares e un ou dous/dúas suplentes. O/a director/a do TFM non poderá formar parte da tribunal avaliadora correspondente, sempre e cando os recursos humanos o fixeren posible. Para a defensa do TFM o alumnado disporá dun máximo de 20 minutos. Os membros do correspondente tribunal contarán tamén cun tempo máximo de 20 minutos para formularen cantas preguntas e suxestións estimaren necesarias. Finalizadas todas as defensas de TFM da sesión correspondente, o tribunal publicará as cualificacións provisionais no taboleiro do mestrado. En relación coa avaliación de cada traballo, o tribunal procederá a:

- a) Cualificar o traballo realizado coa nota media das cualificacións emitidas por cada un dos membros. A cualificación poderá ser:
  - a. Non presentado
  - b. Suspenso: de 1 a 4.9
  - c. Aprobado: de 5 a 6.9
  - d. Notable: de 7 a 8.9
  - e. Sobresaliente: de 9 a 10

A mención de «matrícula de honra» poderá ser outorgada en caso de que os membros do tribunal estean de acordo na súa concesión por unanimidade.

## Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | As propostas pola dirección académica do Traballo de Fin de Mestrado. |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |   |

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías